

## AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

**RESOLUCIÓN pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso para a cobertura de tres postos na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, convocados pola Resolución do 30 de outubro de 2020 (DOG núm. 20, do 1 de febreiro de 2021)**

En virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 125/2016, do 1 de setembro, e polo Decreto 85/2019, do 4 de xullo, e de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 30 de outubro de 2020 (DOG núm. 20, do 1 de febreiro de 2021), esta Dirección

RESOLVE:

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para a cobertura de tres postos de persoal investigador da Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Anexo).

Contra esta resolución, as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse, tal como figura no artigo 7 das bases da convocatoria, electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 10 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación ([gain.xunta.gal](http://gain.xunta.gal)), na epígrafe Axencia/Procesos Selectivos/ Procesos selectivos ano 2021.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos/as.

En Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que consta ao marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar





**ANEXO**

**LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS**

**PRAZA NÚMERO: 1**

**DOMINIO ERC:** Ciencias físicas e enxeñaría

**POSTOS:** 1

**ANO DA CONVOCATORIA:** 2020

**PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** Diario Oficial de Galicia do 1 de febreiro do 2021 (Núm.20)

**DATA DO LISTADO:** 15 de marzo de 2021

**ADMITIDOS:**

APELIDOS	NOME	NIF/NIE/PASAPORTE
Montenegro Garcia	Javier	***6851**

**PRAZA NÚMERO: 2**

**DOMINIO ERC:** Ciencias da vida

**POSTOS:** 1

**ANO DA CONVOCATORIA:** 2020

**PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** Diario Oficial de Galicia do 1 de febreiro do 2021 (Núm.20)

**DATA DO LISTADO:** 15 de marzo de 2021

**ADMITIDOS:**

APELIDOS	NOME	NIF/NIE/PASAPORTE
Varela González	Sara	***6945**

**PRAZA NÚMERO: 3**

**DOMINIO ERC:** Ciencias sociais e humanitarias

**POSTOS:** 1

**ANO DA CONVOCATORIA:** 2020

**PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** Diario Oficial de Galicia do 1 de febreiro do 2021 (Núm.20)

**DATA DO LISTADO:** 15 de marzo de 2021

**ADMITIDOS:**

APELIDOS	NOME	NIF/NIE/PASAPORTE
Pansera	Mario	***9284**

